




CULTURA

Álex Mene: "A palabra está na orixe de todo"

Unha nena chamada Indómita vén de confirmar ó mestre, fotógrafo e escritor Álex Mene como un novo (e premiado) autor de literatura galega



Álex Mene (Vigo, 1969), co seu libro en Pontevedra. JAVIER CERVERA MERCADILLO

BELEN LÓPEZ

23/JUL/19 - 19:07 ACTUALIZADO: 24/JUL/19 - 16:42

[Enviar](#) [Compartir](#) [Twitter](#) [Facebook](#) [X](#) [LinkedIn](#)

Fotógrafo, mestre nun Bacharelato Artístico e autor de contos.

Son un autor que se moveu en distintos terreos da creación, pero que ultimamente se achegou máis á palabra. Quizais é que me estou facendo maior. Ou quizais ten que ver con que a palabra é, en realidade, a orixe de todo.

É curioso que un licenciado en Belas Artes, para ilustrar os seus dous libros, tanto no caso do álbum *A rainha das tortas* (Verdemar, Alvarellos, 2018) como no de *Indómita e a semente da inmortalidade* (Bululú, 2019), recorra a outras persoas.

Algunha vez valorei presentar un proxecto xa completo, non creas. No último cargo, o de Indómita, veu imposto pola editorial que o deseño e as ilustracións corresen a cargo de Ana Boquete. E no caso de *A rainha das tortas* naceu como un proxecto colaborativo cunha amiga, Blanca Crespán. É máis divertido traballar con outra persoa. Pásalo moito mellor. De feito, Blanca e eu estamos preparando outro álbum ilustrado xuntos para repetir a experiencia.

A súa protagonista levaríase moi ben con Pippi Mediaslongas.

Exactamente. A anécdota que contei en *A rainha das tortas* é unha experiencia persoal. Pasoume en Canadá, mentres traballaba alí nun intercambio de profesores. Nese álbum está a que eu considero que é unha liña de aprendizaxe básica, a que se realiza a través do erro. Normalmente, cando te equivocas, o que gañas é unha bronca. Eu penso todo o contrario, que non hai nada mellor para aprender que equivocarse primeiro. E, sobre todo, enfrontarse a iso, ao erro, con humor. No caso de *Indómita*, é un libro que pode ser lido perfectamente por un neno ou unha nena, pero tamén por un adulto. E este último fará unha lectura distinta porque é unha obra chea de referencias. Aí están dende Pippi Mediaslongas, á que hai unha especie de homenaxe, ata *O corazón das tebras*, de Joseph Conrad, pasando polas novelas de Agustín Fernández Paz ou *Far North*, de Sam Shepard. Hai un montón de intertextualidade: Ánxel Fole, Jack London, Pío Baroja... Algunhas referencias son moi evidentes. Outras menos. Fíxate, cando escribín *Indómita*, aínda que é unha nena, pensaba máis ben nun personaxe sen xénero. Como o Orlando, de Virginia Woolf. Non sei se se nota, pero eu tiñoa na cabeza. Tamén me interesaba moito propoñer unha reflexión sobre o silencio e o que significa. Se algo non se nomea, non existe? E sobre as *fake news*. Ao comezo, fábase dunha aldea sen nome, na que se supón que habitan vampiros e lobos... E cando accedes finalmente a ela, ves que non ten nada que ver. Tamén me gustaba moito meter esa lección sobre as apariencias. Como se pode chegar a construír algo totalmente irreal en base ao descoñecemento. E unha última cousa importante é o humor como eixe vertebrador da vida, como rirnos de nós mesmos e dos demais é o que nos mantén dalgún xeito vivos. A maior parte das veces, as cousas non son como son, senón como ti as tomas.

O humor é un eixe vertbrador da vida. A maior parte das veces, as cousas non son como son, senón como ti as tomas

O seu é un conto con varias moralexas.

(Ri) Si, hai varias. Incluso moitas que atopan os lectores nas que eu non reparara. Interesábame moito reflexionar sobre a mortalidade e o paso do tempo, como enfrontalo. E o tema do ben común, como un sabe perfectamente cando está facendo algo ben ou algo mal. E a importancia da solidariedade e da sociedade do coidado, cuxo fomento reivindicaban algúns filósofos como contraposición ao machismo, ao odio e ás desigualdades. Evidentemente, o libro ten tamén unha mensaxe ecoloxista e de comunión coa natureza moi clara. Todo iso está aí: a mensaxe ecoloxista, a mensaxe solidaria, a importancia do respecto...

Pero non hai só referencias para adultos, tamén incluíu referencias a contos clásicos como *O frutista de Hamelín* ou *A bela durminte* para os propios nenos.

Claro! Para min, todas as historias tecen unha rede e acaban cruzándose nalgún momento. En definitiva, eu son todo o que lin, todo o que vin, todo o que escoitei. Non podo evitalo. Efectivamente isto é un xogo intertextual que eu fago do que gozo enormemente. Aí están, por exemplo, dúas referencias moi importantes a Italo Calvino: unha a *Se unha noite de inverno un viaxeiro* e a outra a *O barón rampante*. Penso que todo isto vai formar parte sempre do meu estilo, que agromen referencias literarias ou cinematográficas dalgunha maneira...

Aquí hai unha cinematográfica evidetisíma a *Os paxaros*, de Alfred Hitchcock.

Si, claro. Pero hai máis! Paréceme moi bonito isto de xogar a compartir referencias comúns. Se ti non a tes, non pasa nada. Les a historia igual. E, se a tes, recoñecela e entras no xogo.

Foi para vostede importante recibir con *Indómita* o I Premio de LIX Muíño do Vento?

Para min foi importantísimo. Esta asociación do Ferrol fai un traballo incrible no barrio de Canido: teñen talleres de teatro, clases de educación física, contribúen ao soporte alimentario de veciños en risco de exclusión, fan presentacións culturais... No medio de todo isto inventaron este premio, que conta co apoio do escritor Antonio Yáñez. Cando escribes, moitas veces dubidas de se iso que fas vale, se ten unha calidade mínima. Que che dean un premio tan bonito como este, dáche confianza. Estou moi agradecido tanto a Alvarellos, que foi a editorial que apostou por *A rainha das tortas*, como ao certame de Muíño do Vento, que premiou *Indómita*.

Te puede interesar

Naver



Alarma antirrobo: descubre el precio en menos de 60 segundos
Securitas Direct




¿Quieres aprender un idioma rápido? Mira los 7 mejores consejos de...
Babel



Aprende rápido un nuevo idioma con estos consejos útiles
Babel



¿Ha nacido antes de 1975? Es imprescindible saber esto antes de co...
Encuentra Seguro



Hay decisiones que requieren tiempo. Tómalas en tu Skoda...
Skoda Fabia



Oferta increíble: instalación Incluida para alarma antirrobo
Securitas Direct




Solo este mes consigue tus audífonos desde 2€ / día
Gaes



¿Aprender un idioma rápido? Babel te dice cómo hacerlo
Babel



¿Ha nacido antes de 1975? Es imprescindible saber esto antes de co...
Encuentra Seguro



Oír bien cuesta tan poco como un café al día, aprovecha los...
Gaes



¿Ha nacido antes de 1975? Es imprescindible saber esto ante...
Encuentra Seguro



Skoda SKODA, el compacto urbano perfecto
Skoda Fabia



Buscamos 100 voluntarios para probar gratis un audífono
Gaes



¿Ha nacido antes de 1975? Es imprescindible saber esto antes de co...
Encuentra Seguro



100 voluntarios de 50 años o más podrán probar gratis este revoluc...
Gaes



Furgonetas camper sin vender 2024 (ver precios)
LifestyleTrendsHQ

ENTREVISTA | ESCRITOR | LITERATURA GALEGA

[Enviar](#) [Compartir](#) [Twitter](#) [Facebook](#) [X](#) [LinkedIn](#)

MÁIS EN CULTURA



CULTURA
Esta é a primeira imaxe que existe do Museo de Pontevedra
BELEN LÓPEZ



CULTURA
Morre aos 97 anos o cineasta español Jaime de Arminán
EFE



CULTURA
A Deputación enzalza a figura de Barreiro na apertura do ciclo 'Conversas con arte'
BELEN LÓPEZ



CULTURA
Luz Casal, Fillas de Cassandra e Veintiuno estarán no Festival da Luz en agosto
EUROPA PRESS



CULTURA
Joy ficha polo novo de Pedro Almodóvar, 'La habitación de al lado'
EUROPA PRESS



CULTURA
George Lucas recibirá a Palma de Ouro de Honra no Festival de Cannes
EFE



CULTURA
Conclúe a Semana da Filosofía: "É tempo de pensar. Urxe pensar!"
BELEN LÓPEZ



CULTURA
O Galego renderalle unha homenaxe a Dany Moure cun concerto do seu grupo Moucho
BELEN LÓPEZ

COMENTARIOS

No hay comentarios

Deixa tu comentario...



ELPROGRESO

DiariodePontevedra

Galiciaé



SÉGUENOS

[f](#) [x](#) [@](#) [v](#)

INFO

PUBLICIDAD

CONTACTO

POLÍTICA DE COOKIES

AVISO LEGAL

COMUNICADOS

POLÍTICA DE PRIVACIDAD

+ DDP

BOLETÍN DE NOTICIAS

EL PAPEL

ARCHIVO

EL TIEMPO

EL GRUPO

DIARIO DE PONTEVEDRA

EL PROGRESO

GALICIAÉ

AGN

Lepanto 5, Pontevedra

Tlfno: 986 011 100

(Grupo El Progreso)

opennemas

